

Nesta celebración multilingüe da **semana do libro** colaboraron as seguintes institucións:

Instituto Camões de Vigo

Dirección de Promoción do Euskera  
(Goberno Vasco)

Secretaría de Política Lingüística  
(Generalitat de Catalunya)

O noso agradecemento no nome do Concello de Redondela e de toda a veciñanza.

Biblioteca Pública de Chapela

Biblioteca Pública de Redondela

Servizo de Normalización Lingüística

Concello de Redondela



# semana DO LIBRO

A FESTA DA PALABRA

A FESTA DA PALAVRA

LA FIESTA DE LA PALABRA

LA FESTA DE LA PARAULA

HITZAREN JAIA


*Un libro é como un xardín que se leva no peto.*

Proverbio árabe

As linguas e as súas complexas incidencias sobre a identidade, a comunicación, a integración social, a educación e o desenvolvemento, revisten unha importancia estratéxica para as persoas e o planeta. Con todo, debido ao proceso de globalización, moitas delas atópanse cada vez máis ameazadas de desaparición, ou están desaparecendo por completo. Cando unhas linguas se extinguen, empobrécese o rico tecido da diversidade cultural. Pérdense tamén posibilidades, tradicións, memorias, modos singulares de pensamento e expresión, recursos valiosos para lograr un futuro mellor.

Neste contexto, é urxente tomar medidas para promover o plurilingüismo, isto é, fomentar a formulación de políticas lingüísticas rexionais e nacionais coherentes que propicien a utilización apropiada e harmoniosa das linguas nunha comunidade e un país determinados. Tales políticas consisten en promover medidas que permitan a cada comunidade utilizar a súa lingua materna en público e en privado, e posibiliten a aprendizaxe e o uso doutras linguas locais, nacionais e internacionais. Débese alentar aos falantes de linguas maternas nacionais ou internacionais a aprender e utilizar outras linguas do país e outros idiomas rexionais e internacionais.

O 23 de abril de 1616 falecían Cervantes, Shakespeare e o Inca Garcilaso de la Vega. Tamén nun 23 de abril naceron - ou morreron - outros escritores eminentes como Maurice Druon, K. Laxness, Vladimir Nabokov, Josep Pla ou Manuel Mejía Vallejo. Por este motivo, esta data tan simbólica para a literatura universal foi a escolleita pola Conferencia Xeral da UNESCO para render unha homenaxe mundial ao libro e os seus autores, e alentar a todos, en particular aos máis novos, a descubrir o pracer da lectura e respectar a irremplazable contribución dos creadores ao progreso social e cultural. A idea desta celebración partiu de Cataluña (España), onde este día é tradicional regalar unha rosa ao comprador dun libro.



En galego estamos no mundo

[http://portal.unesco.org/culture/es/ev.php-URL\\_ID=35097&URL\\_DO=DO\\_TOPIC&URL\\_SECTION=201.html](http://portal.unesco.org/culture/es/ev.php-URL_ID=35097&URL_DO=DO_TOPIC&URL_SECTION=201.html)

[http://portal.unesco.org/culture/es/ev.php-URL\\_ID=5125&URL\\_DO=DO\\_TOPIC&URL\\_SECTION=201.html](http://portal.unesco.org/culture/es/ev.php-URL_ID=5125&URL_DO=DO_TOPIC&URL_SECTION=201.html)